

a cor da memoria

XOVES 18 ABRIL 2024

Auditorio de Galicia, 20:30 h

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Baldur Brönnimann, director
Wu Wei, sheng

CONVERSANDO CON...

Baldur Brönnimann e Wu Wei
Sala Mozart, 19.45 h

f i a n d o h i s t o r i a s

MIGRACIONES

PROGRAMA

I

ITZIAR VILORIA (1997)

Oiartzun gorriak (Ecos vermellos)*

*Co-encarga da RFG e a Euskadiko Orkestra - Estrea absoluta

HUANG RUO (1976)

The Color Yellow for Sheng and Orchestra (A cor amarela para sheng e orquestra)*

*Estrea en España

II

IGOR STRAVINSKY (1882-1971)

O paxaro de lume, suite (versión 1945)

Introduction

Prelude, Dance of the Firebird, & Variations

Pantomime I

Pas de deux

Pantomime II

Scherzo (Dance of the Princesses)

Pantomime III

Rondo

Infernal Dance

Lullaby (Berceuse)

Final Hymn

Duración aproximada do concerto: 95 minutos (con pausa)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde 2023, o seu director titular e artístico; Sebastian Zinca o seu director asistente e Joana Carneiro a principal directora convidada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

DIRECTOR

Baldur Brönnimann

SHENG

Wu Wei

VIOLÍNS I

James Dahlgren
(concertino)
Adriana Winkler
(axuda de concertino)
Ildiko Oltai
Daniel Kordubaylo
Victoria Jurov
Yulia Petrushevskaya
Anna Alexandrova
Michal Ryczel
Ilya Fisher
Teresa Barcelona ***
David Poghosyan ***

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Kiyoko Ohashi
Elina Viksne
Samira Ajkic

Enrique Roca
Irina Gruia
Helena Sengelow
Roger Beroý ***
Joel Doraci ***

VIOLAS

Natalia Madison *
Ionela Ciobotaru **
Timur Sadykov
Iriana Fernández
Oxana Bakulina
Ignacio Marino
Anne Schlossmacher
Gema Gallardo ***
Josep Ruiz ***

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska **
Carlos García
Millán Abeledo
Manuel Lorenzo
Thomas Piel
Jordi Villanueva ***
Emilio Ubach ***

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Amador Del Pozo
Raquel Miguélez (R)

FRAUTAS

Laurent Blaiteau
Luis Soto

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **
Sergio Rodríguez ***

CLARINETES

Vicente López *
Bernardino Assunção (R)

FAGOTES

Manuel Veiga *
Juan Carlos Otero **

TROMPAS

Jordi Ortega *
Xavier Ramón **
Alfredo Varela *
Pablo de Miguel ***

TROMPETAS

Ramón Llätser *
Rodrigo Iglesias (R)
Pablo Martínez ***

TROMBÓNS

Francisco Blay (R)
David M. Rodríguez (R)
Faustino Núñez (R)

TUBA

Cesar Núñez (R)

TIMBAL / PERCUSIÓN

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Iker Iriondo ***
Juan Antonio Mouzo (R)
Marta Prado (R)

ARPA

Bleuenn Le Fric (R)

PIANO

Haruna Takebe (R)

*principal | **coprincipal | ***EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

BIOGRAFÍAS

Baldur Brönnimann

Director

Director musical e artístico da Real Filharmonía de Galicia. Naceu en Suíza e reside en Madrid dende hai máis de 13 anos, Brönnimann formouse na Academia de Música da Cidade de Basilea e no Royal Northern College of Music de Manchester, onde posteriormente foi nomeado titor visitante de dirección.

Baldur é unha persoa profundamente comprometida coa relevancia da música clásica na sociedade e coa creación actual, moi activo como comisario de novas obras, de diferentes festivais e ciclos, así como coa divulgación e formación de novos músicos e público.

A súa carreira como director artístico e musical comeza coa dirección titular da Orquesta Sinfónica Nacional de Colombia en Bogotá, posto que ocupou entre os anos 2008 e 2012. Entre 2011 e 2015 asumiu a dirección artística

de BIT20, principal conxunto de música contemporánea de Noruega. Ademais, entre 2014 e 2020 foi director principal da Orquesta Sinfónica do Porto Casa da Música á que segue regresando cada temporada tras un exitoso mandato.

Nos últimos anos, entre 2016 e 2023, tamén liderou a Sinfonietta de Basilea, orquesta onde dirixe programas que combinan obras contemporáneas co repertorio estándar, nunha procura constante para desafiar as convencións clásicas e explorar novas vías para a interpretación orquestral.

Brönnimann dirixiu salientables interpretacións de obras de compositores como Ligeti, Romitelli, Boulez, Vivier, Schnebel e Zimmerman en festivais como o Wien Modern, Darmstadt, Mostly Mozart no Lincoln Center e os Proms da BBC, e goza da máis alta consideración dalgúns dos compositores máis eminentes da actualidade, como Chin, Lachenmann e Saariaho. Nas

últimas tempadas converteuse nun director moi demandado, e dirixiu a Filharmónica de Seúl, Filharmónica de Oslo, Sinfónica da WDR, Sinfónica de Barcelona, Filharmónica de Bergen, a Sinfónica da Radio de Viena e as orquestras de Cámara de Aurora e Múnic, entre outras.

Nos teatros de ópera, Brönnimann dirixiu *Le Grand Macabre* de Ligeti na English National Opera, a Komische Oper Berlin e o Teatro Colón (Bos Aires) tanto nas producións da Fura dels Baus como de Barrie Kosky, *A morte de Klinghoffer*, de John Adams na English National Opera, *L'amour de loin* de Kaija Saariaho no Festival de Bergen e a Ópera de Noruega, e *Index of Metals* de Romitelli con Barbara Hannigan no Theater an der Wien de Viena. No Teatro Colón da Arxentina tamén dirixiu *Erwartung* de Schoenberg, *Hagith* de Szymanowski e *The Little Match Girl* de Helmut Lachenmann, co compositor como narrador, e *Die Soldaten* de Zimmermann.

BIOGRAFÍAS

Wu Wei

Solista invitado

A arte do virtuoso internacionalmente recoñecido de sheng, Wu Wei, vai moito máis alá dos límites tradicionais do seu instrumento chinés de máis de 3.000 anos de antigüidade e lévao ata o século XXI.

O sheng é unha harmónica formada a partir de canas de bambú e encerrada nun recipiente de metal. En China dise que soa como o canto da ave Fénix dunha lenda chinesa: prateado e fugaz como o vento. O ton radiante e transparente de Wu Wei, así como as infinitas posibilidades que ofrece o seu instrumento en termos de melodía, harmonía, ritmo e polifonía, levárono a colaborar con numerosos artistas e compositores (Huang Ruo, Guus Janssen, Unsuk Chin, Jukka Tiensuu, Bernd Richard Deutsch, Ondrej Adamek, Donghoon Shin, Enjott Schneider, Man Fang, Rolf Wallin...) e conxuntos en ambientes tradicionais,

de cámara ou orquestrais, improvisando en concertos en solitario ou con grandes grupos de jazz, tocando música electrónica ou mesmo participando en concertos de música minimalista e espectáculos de música barroca.

No novo repertorio musical, Wu Wei foi convidado por orquestras como a Filharmónica de Berlín, a Filharmónica de Nova York, a Filharmónica de Seúl, a Filharmónica de Los Ángeles, a Sinfónica da BBC, o Festival Cabrillo, a Filharmónica da Radio dos Países Baixos, a Filharmónica de Helsinqui, a hr-Sinfonieorchester de Frankfurt, a Filharmónica da Radio dos Países Baixos, a Orquestra Sinfónica de San Francisco, a Deutsches Symphonie Orchester, a Orquestra Contemporánea do Festival de Lucerna e conxuntos como Holland Barroco, Ensemble intercontemporain, Atlas Ensemble e NDR Big Band.

Actúa regularmente en festivais internacionais como BBC Proms en Londres, Festival de Outono en París, Donaueschinger Musiktage, Festival Internacional de Edimburgo, Suntory Hall Summer Festival Tokyo, Dresdner Musikfestspiele, Festival Achtbrücken Köln, Grafenegg Festival, Lincoln Center Festival de Nova York, o Festival Internacional de Música de Tongyeong e, recentemente, actuou no Festival de Lucerna e no Musikfest de Berlín.

Con Martin Stegner (viola) e Janne Saksala (contrabaixo), ambos membros da Orquestra Filharmónica de Berlín, fundou o Wu Wei Trio, que se presenta cada tempada na Sala de Música de Cámara da Filharmónica de Berlín. Como fundador do Ensemble Asianart con sede en Berlín, procura compartir programas transculturais con instrumentistas de todo o mundo. Para o Festival Morgenland forma co trompetista de jazz Ingolf Burkhardt e o pianista Florian Weber o trío Silk Blues.

Os seus proxectos inclúen concertos na hr-Sinfonieorchester Frankfurt, a Orquestra Sinfónica do Estado de São Paulo, a Orquestra Sinfónica del Principado de Asturias, a Real Filharmonía de Galicia e unha residencia na NCPA de Beixín. Ademais, estreará no Gyeonggi Arts Centro (Corea) un novo concerto para sheng de Il-Ryun Chung e, en 2026, ten prevista outra estrea co conxunto de electrónica de Philippe Leroux con Ensemble intercontemporain e IRCAM.

Wu Wei naceu en 1970 en Gaoyou (China). Estudou no Conservatorio de Música de Xangai e, co apoio da Fundación Naumann, participou en 1995 dunha bolsa do DAAD de catro anos en Berlín, onde vive actualmente. Desde 2013, Wu Wei foi profesor de sheng no Conservatorio de Música de Xangai. Durante toda a tempada 2023/2024, está convidado como profesor da Universidade Minzu de China en Beixín.

NOTAS AO PROGRAMA

A cor da memoria

O concerto desta noite leva por título *A cor da memoria* e está conformado por tres obras que pretenden homenaxear dalgún xeito a tradición e a memoria dos pobos de cada un dos seus autores: *Oiartzun gorriak (Ecos vermellos)* de Itziar Vitoria, *The Color Yellow (A cor amarela)* de Huang Ruo e *O paxaro de lume* (suite de 1945) de Igor Stravinski. Ademais da referencia evidente á cor nalgúns dos nomes das obras, en todas elas hai, como veremos, unha exploración do parámetro do timbre —que en música tamén se denomina cor— a través do uso da electrónica, de instrumentos singulares coma o sheng ou da propia orquestración.

Abre o programa *Oiartzun gorriak (Ecos vermellos)* para orquestra de cordas, percusión e electrónica de Itziar Vitoria, autora orixinaria de Biscaia e afincada en Barcelona. Trátase da estrea absoluta desta

obra que foi encargada conxuntamente pola Real Filharmonía de Galicia e a Euskadiko Orkestra. Vitoria é compositora, intérprete e produtora e actualmente imparte clases no Taller de Musics da cidade condal. Trátase dunha artista interdisciplinaria que mostra un grande interese na colaboración con compañeiros doutras disciplinas como arquitectos, escenógrafos ou actores. O seu estilo móvese nunha especie de “linguaxe intermedia” a cabalo entre a composición e a *performance* e mostra unha grande inclinación cara á música electroacústica. Ademais do seu traballo como docente, é intérprete de electrónica no grupo Frames Percussion, produtora da serie de concertos “Difraccions”, directora de escena da Orquestra Simfònica del Vallès e como compositora recibe encargos de prestixiosas institucións como o Gaudeamus Muziekweek de Holanda, o Gran Teatre del Liceu ou o Festival Impuls de Austria por

só citar algunhas. *Oiartzun gorriak* é unha homenaxe á memoria colectiva da zona mineira de Biscaia, explorando a distorsión que desta se produce a través do paso do tempo e das distintas xeracións e tomando como referente o legado oral, así como a paisaxe visual e sonora desta rexión. Vitoria baseouse en material (entrevistas orais, transcricións, fichas e estudos etnográficos) cedidos polo arquivo do Euskal Herriko Meatzaaritzaren Museoa Fundazioa (Museo da Minaría do País Vasco) para a composición desta obra que a propia autora explica do seguinte xeito: “A distorsión da memoria é tematizada como material sonoro, onde un patrón rítmico é manipulado en diferentes capas instrumentais e temporalidades simultáneas. En contraposición a esta manipulación temporal, destacan elementos estables e regulares que actúan como columna vertebral ao longo da peza. A masa sonora na electrónica é construída a

partir das gravacións orixinais dos relatos dalgunhas das persoas protagonistas desta historia, voces superpostas e empregadas en calidade de paleta de son, que riman entre si coa parte instrumental”.

A continuación, *The Color Yellow for Sheng and Orchestra (A cor amarela para sheng e Orquestra)* de Huang Ruo, nado en China en 1976 e nacionalizado estadounidense, país no que reside actualmente. Recibiu unha educación na que se mesturou a tradición chinesa coa cultura occidental, estudando inicialmente co seu pai, tamén compositor, e logo no conservatorio de Xangai. Posteriormente, trasladouse aos EUA, e formouse no conservatorio de Oberlin e anos máis tarde realizou un mestrado e un doutoramento en composición na Juilliard School de Nova York. O seu estilo é ben persoal e baséase nunha técnica que o propio compositor denomina “Dimensionalismo”, onde se integran de maneira orgánica influencias diversas como

NOTAS AO PROGRAMA

a música antiga e folclórica chinesa, a vangarda occidental, o ruído experimental, o son natural e procesado, o rock e o jazz. Trátase, polo tanto, dun compositor moi versátil que escribe música orquestral, de cámara, ópera, teatro e danza, cine, e tamén interxéneros como instalacións sonoras, arquitectónicas e multimedia. É un autor aclamado e gañador de numerosos premios e a súa música foi estreada e interpretada por institucións tan importantes como a Filharmónica de Nova York, a Sinfónica de Boston ou a Orquestra de Filadelfia, e durante a temporada 15-16 foi artista en residencia no Concertgebouw de Ámsterdam. A audición de *The Color Yellow for Sheng and Orchestra* desta noite constitúe a súa estrea en España. Composto en 2007, consiste nun concerto dividido en tres seccións que se tocan encadeadas e que conta como solista cun sheng, instrumento milenario chinés considerado antepasado do noso órgano.

Trátase dun órgano de boca composto por 17 tubos de bambú de distinta lonxitude, dos cales o máis longo mide uns 50 cm e están dispostos en círculo, permitindo a emisión de 3 ou 4 notas en simultáneo dependendo do modelo. Presenta unha sonoridade delicada e antigamente era moi apreciado nas orquestras de corte ou de teatro para acompañar o canto polo seu timbre suave e velado. *The Color Yellow* é unha obra escrita para conxunto occidental (unha orquestra de cámara) cun instrumento solista chinés, todo un reto compositivo ao mesturar dúas tradicións musicais tan diferentes. A solución proposta polo autor é “desafinar” os dous tipos de instrumentos para nivelalos usando distancias máis pequenas entre notas (microtonos) que as habituais da música occidental, todo isto gracias ao emprego de técnicas estendidas nos instrumentos e notacións non convencionais na partitura. A presenza da cor amarela no título débese

a dúas razóns. A primeira é que se trata da cor mítica da estirpe chinesa, posto que se consideran descendentes do dragón e tal e como recolle o libro *I CHING* (un dos cinco clásicos confucianos) o sangue de dito animal era de cor amarela. Isto explica tamén a importante presenza na toponimia local (Río Amarelo, Terra Amarela, Montaña Amarela). A outra razón que esgrime o autor é que a pel dos chineses é amarela. Ruo explica a obra como “unha peza sobre a terra e a paisaxe da antiga China, sobre a súa xente que viviu durante miles de anos, faise eco do pasado, deletrea o presente e forza o futuro [...] O concerto está concibido como unha porta que nos leva a distintos camiños e viaxes, a porta de entrada é o sheng”.

Pecha o concerto a suite (versión de 1945) *O paxaro de lume* de Igor Stravinski (1882-1971), un dos autores fundamentais para entender a música do século XX. Nado en Oraniembaum (Rusia) no seo dunha

familia acomodada vinculada á música —o seu pai era baixo da ópera imperial de San Petersburgo— recibiu formación musical dende os 9 anos. A pesar deste propicio contexto, a súa familia non quería que se dedicase á música profesionalmente, así que se matriculou de maneira forzada en Dereito e Filosofía. Finalmente, uns anos despois da morte do seu pai, comezou a tomar clases particulares de composición con Rimskii Korsakov e deu un xiro á súa faceta profesional. En 1911 trasladouse a vivir a París e despois, durante os anos da Primeira Guerra Mundial estableceuse en Suíza, para volver de novo a París ao remate da contenda. Un novo conflito, a Segunda Guerra Mundial, provocou que emigrara aos Estados Unidos, e fixase a súa residencia en Hollywood preto de Schönberg e Rachmaninov. A súa traxectoria compositiva acostuma dividirse en tres períodos. Un primeiro denominado ruso polo influxo que

NOTAS AO PROGRAMA

toma da tradición musical do seu país e no que consolida algunhas das características que máis o definen: revolución rítmica (acentos e silencios impredecibles, cambios continuos de compás), uso de *ostinatos* (motivos que se repiten insistentemente durante boa parte dunha composición musical), emprego de novos tipos de escalas e de disonancias ou un uso colorista da orquestra cunha instrumentación moi influenciada por Korsakov, o seu mestre. A esta primeira etapa corresponden as tres obras máis coñecidas do seu catálogo: *O Paxaro de lume*, *Petrushka*, e a *Consagración da primavera*. Nos anos 20 abrazou o Neoclasicismo no que predomina a importancia da forma e hai unha mirada idealizada cara a estilos do pasado —sobre todo Barroco e Clasicismo— que se detecta en obras como o *Octeto de ventos* ou *Pulcinella*. A última etapa, a correspondente aos anos nos EUA, é profundamente ecléctica

e nela emprega distintos estilos como o jazz (*Ebony Concerto*), ou o dodecafonismo. A obra que hoxe nos ocupa, *O Paxaro de lume* foi un encargo de Sergei Diaghilev e deu inicio a unha das relacións máis frutíferas da historia da música. Diaghilev era o director dos Ballets Rusos, compañía conformada por artistas rusos establecidos en París e que percorreu Europa colleitando innumerables éxitos, e realizou encargos aos principais compositores do momento como Debussy (*Jeux*), Ravel (*Daphnis et Chloé*), Satie (*Parade*) ou Falla (*El sombrero de tres picos*). Stravinski foi neste caso unha especie de ‘plan B’ posto que Diaghilev intentou o encargo nun primeiro momento con Nikolai Cherepnín e Anatoli Liadov alumnos de Korsakov máis destacados por aquel entón, porén a aceptación catapultouno á fama internacional cando aínda era un descoñecido. *O Paxaro de lume* naceu orixinariamente como un ballet

e estreouse o 25 de xuño de 1910 en París baixo a dirección de Gabriel Pierné. O libreto é de Mijail Fokine, coreógrafo colaborador habitual de Diaghilev e o seu argumento está baseado en lendas e contos do acervo popular ruso. Así se resumía no programa dos Ballets Rusos: Iván Zarevich ve un día un paxaro marabilloso, todo de ouro e chamas; perségueo sen poder collelo e só consegue arrancarlle unha das súas plumas. A persecución lévao ata os dominios de Kastchei o inmortal, o temible semideus, que quere apresar a Iván e convertelo en pedra, como xa fixo con máis dun valente cabaleiro. Pero as fillas de Kastchei e as trece princesas que son cativas interceden e esfórzanse para salvalo. Chega o paxaro de lume que elimina os encantamentos, o Castelo de Kastchei desaparece e as rapazas, as princesas, Iván Zarevich e os cabaleiros son liberados e poden apoderarse das fermosas mazás de ouro do xardín.

Na *premiere* actuaron algún dos artistas rusos máis importantes do momento: Fokine (príncipe), Vera Fokina (princesa) e Tamara Karsavina (paxaro) e foi un auténtico éxito. A orquestración do ballet está moi influenciada por compositores como Korsakov, Debussy ou Ravel, e Stravinski fai un uso diferenciado da linguaxe musical en funcións dos personaxes empregando música diatónica, tonalidade tradicional e técnicas compositivas do século XIX, como o desenvolvemento melódico para referirse aos humanos. Ao tempo, introduce trazos máis innovadores como cromatismos e escalas octotónicas cando aparecen criaturas e lugares sobrenaturais. A partir do ballet, o compositor escribiu 3 suites que recollen algúns dos seus momentos máis célebres en 1911, 1919 e 1945 respectivamente. A suite que hoxe interpretará a Real Filharmonía, a de 1945, consta de 12 números: 'Introdución' / 'Preludio e danza do Paxaro de lume' /

NOTAS AO PROGRAMA

'Variacións (Paxaro de lume)' / Pantomima I / 'Pas de deux: Paxaro de lume e Iván Zarevich' / 'Pantomima II' / 'Scherzo: danza das princesas' / 'Pantomima III' / 'Rondo: Chorovod (Ronda das princesas)' / 'Danza infernal e himno final'.

Un novo programa desta temporada *Migracións* completo, variado e articulado en torno a unha viaxe cara ao pasado de lugares tan dispares como o País Vasco, a China Imperial e unha Rusia mitolóxica.

Carme Tubío Barreira

AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo das Nacións, s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

AUDITORIO 981 571 026 | 981 573 979

ZONA C 981 542 462

OFICINAS

981 552 290 | 981 574 152

rfgalicia.org

compostelacultura.gal

INSTAGRAM

@realfilharmoniadegalicia

@compostelacultura

FACEBOOK

RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura

TWITTER

@rfgalicia

@CCultura

PRÓXIMOS CONCERTOS

concerto final do taller de composición de obras sinfónicas

VENRES 3 MAIO

Auditorio de Galicia, 20:30 h

Baldur Brönnimann, director

ENTRADA LIBRE

sons adormecidos

XOVES 16 MAIO

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Enrico Onofri

Sala Mozart, 19:45 h

Enrico Onofri, director

- Luigi Cherubini: Abertura Medea
- Antonio Sacchini: Ciaccona en do menor
- Josef Martín Kraus: Sinfonía en do menor
- Ferdinando Paër: Abertura Leonora
- Ludwig van Beethoven: Sinfonía núm. 4 en Si bemol Maior, op. 60